Universidade Vigo

ENCONTROS DE MARIÑÁN
7ª RESIDENCIA DE ARTISTAS EMERXENTES

Do 15 ao 19 de xuño de 2026 → Pazo de Mariñán, Deputación da Coruña

A Real Academia Galega de Belas Artes (RAGBA) xunto as universidades da Coruña, Santiago e Vigo e os conservatorios superiores de música da Coruña e Vigo, veñen organizando desde o ano 2018 unha serie de actividades que pretenden establecer sinerxías entre os distintos centros de formación artística superior en Galicia. No 2023 sumáronse á iniciativa as escolas de arte e superiores de deseño da Coruña, Santiago, Lugo e Ourense mais a Escola Superior de Arte Dramática de Vigo.

A **RESIDENCIA DE ARTISTAS EMERXENTES** (***Encontros de Mariñán***) é unha das mais salientables destas actividades. Consiste nunhas residencias artísticas que celébranse no **Pazo de Mariñán (Bergondo) da Deputación da Coruña**. Nela reúnense estudantes das institucións formativas implicadas para, traballando de forma conxunta, desenvolver *in situ* proxectos creativos de índole interdisciplinaria. Cada unha das institucións docentes implicadas seleccionará mediante convocatoria a un grupo de estudantes que se integrarán nos distintos **equipos interdisciplinares de traballo** cara os días de convivencia nos *Encontros*.

Cara aos encontros do 2026, ano no que a RAGBA homenaxea ao fotógrafo José Suárez (Allariz, 1902 – A Guarda, 1974), proponse como eido de reflexión común, tránsito ou chegada dos procesos de creación, a temática:



Universidade Vigo

CRONOGRAMA APROXIMADO

7 abril (23:59 horas)	Peche do prazo de entrega de propostas
2ª quincena de abril	Resolución da convocatoria e selección definitiva de participantes
Maio – Xuño	Reunións preparatorias dos grupos de traballo
15, 16, 17, 18 e 19 de xuño (as datas poderían sufrir algún axuste dependendo da dispoñibilidade do aloxamento)	Residencia de artistas emerxentes, Pazo de Mariñán

Ao final da residencia celebrarase una **xornada de portas abertas** na que se abrirá ao público o Pazo de Mariñán e presentaranse os resultados dos proxectos desenvolvidos durante a estancia.

Na Universidade de Vigo coordinarán a actividade os docentes Ignacio Barcia e Román Corbato.

CONVOCATORIA NA UNIVERSIDADE DE VIGO

Condicións:

→ Na Universidade de Vigo á convocatoria está dirixida á estudantes das titulacións:
Grao en Belas Artes
Grao en Deseño
Mestrado Universitario en Creación Artística Contemporánea
Mestrado Universitario en Deseño e Dirección Creativa en Moda
Mestrado Universitario en Profesorado (Itinerario en Artes)
Doutoramento en Creación e Investigación en Arte Contemporánea
Doutoramento en Creatividade e Innovación Social e Sostible

→ O alumnado seleccionado aloxarase nas instalacións do Pazo de Mariñán en réxime de pensión completa.

→ Emitirase un certificado de asistencia a cada participante no evento.

Selección de estudantes participantes:

As solicitudes de participación remitiranse ata o **7 de abril** inclusive ao correo **ibarcia@uvigo.gal** co asunto “ENCONTROS MARIÑAN 2026” e contindo a seguinte información:

→ **Datos persoais**: Nome e apelidos / DNI / teléfono / email.

→ **Situación académica** (titulación, especialidade, nivel, curso, etc.).

→ **Presentación escrita da proposta artística** que se desexaría desenvolver sobre o tema común, cunha extensión máxima de tres páxinas, engadindo unha documentación descritiva no soporte visual, sonoro ou fotográfico, que corresponda.
Valorarase que se preveñan aspectos interdisciplinares ou conexións con outros ámbitos creativos participantes (belas artes, deseño, moda, arquitectura, arte dramático, danza, música), ademais da integración dos proxectos nos espazos interiores e exteriores do Pazo de Mariñán.

→ **Un breve CV** que poderá acompañarse dun dossier de traballos se se estima axeitado.